

## NOTA DE PRENSA

# Grupo Cuevas chega a Santiago para compartir a celebración dos seus 150 anos “coas persoas”

Unha performance baseada nos “mozos da prensa” de finais do século XIX percorrerá as rúas da capital galega

O Grupo Cuevas conclúe a súa campaña de *street marketing*, iniciada en Ourense o pasado mes de maio e que xa pasou por Vigo e Lugo, para dar testemuño na rúa da conmemoración do seu 150 aniversario. A proposta está pensada para proporcionar experiencias exclusivas a quen decida participar na iniciativa, ademais de posibilitar a creación dun mapa de imaxes personalizadas da celebración, co que se elaborará posteriormente un mostrario de perfís cidadáns que quedará como referencia histórica no site conmemorativo <http://150aniversario.grupocuevas.com>.

En palabras de Artur Yuste, director xeral do grupo, a campaña que, durante varias semanas tivo continuidade e presenza itinerante por varias cidades galegas que dispoñen de tendas do Grupo Cuevas, ten como obxectivo compartir esta celebración “coas persoas que nos acompañan día a día na nosa actividade, coas que confían en nós e coas que nos coñecen, pero tamén coas que simplemente temos preto, porque forman parte do noso territorio físico ou emocional”. Con esta iniciativa en marcha, Grupo Cuevas activou o “alicerce” do social que ocupará boa parte do programa de actos que xa se están desenvolvendo para conmemorar este 150 aniversario.

As actividades de *street marketing* do Grupo Cuevas chegan esta fin de semana a Santiago a través dunha *performance* na rúa protagonizada por dous actores caracterizados como os mozos da prensa de finais do século XIX. Percorrerán as rúas da cidade, na contorna do supermercado Aquíé situado na rúa República Arxentina, animando á xente para fotografarse con eles ao berro de “Extra! Extra! Grupo Cuevas cumpre 150 anos e busca aos Novos e Centenarios desta cidade!”.

Os participantes terán acceso a vales que lles reportarán obsequios conmemorativos como recordo da efeméride e que serán distribuídos na rede de supermercados Aquíé, Plenus e Aquí, ademais de nos centros Cuevas Cash. Participando nesta acción tamén poderán acceder a cámaras fotográficas que reproducen imaxes *vintage* para plasmar a relatividade do tempo, un dos lemas sobre os que se construíu a imaxe do 150 aniversario.

Fundado en 1867, o Grupo Cuevas abrangue en 2017 os 150 anos. Un fito histórico se se ten en conta que en España existen preto de medio centenar de empresas en activo que sexan anteriores a 1900, e delas, apenas 20 naceron antes de 1867.